

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Participación Cidadá

Corrección de erros do anuncio 2014/7733, publicado no BOP número 130, de data 10.07.2014, procedendo de novo á súa publicación íntegra

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL PARA O EXERCICIO 2014

1.-OBXECTO E CONDICIÓN DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Obxecto.–As presentes bases reguladoras teñen por obxecto a concesión de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento durante o exercicio 2014 do programa de actividades de interese xeral, así como, para o mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas para o desenvolvemento de ditas actividades.

Os proxectos presentado polas asociacións de veciños, xestionaranse directamente pola asociación subvencionada, os destinatarios serán a poboación de todas as idades, debendo responder aos obxectivos de realizar proxectos de actividades de carácter festivo, recreativo ou similares que teñan relación directa coa asociación.

Serán subvencionables as actuacións en materias de interese xeral para os cidadáns, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2014 e a data límite de xustificación establecida na base 12 da presente convocatoria, que de seguido se relacionan:

1. Gastos de actividades.

- Actuacións de carácter formativo-educativo (cursos de formación orientados a todas as idades, charlas, coloquios, conferencias...).
- De carácter cultural, lúdico e tradicional, como excursións, Antroido, Magosto San Xoán...
- Montaxe e desmontaxe de palcos e carpas.
- Aluguer de material para as actividades.
- Seguros de responsabilidade civil vinculados á realización das actividades.
- De carácter informativo (publicacións periódicas propias da asociación).

2. Gastos de funcionamento.–Estes gastos non poderán superar o 20% dos gastos do anterior apartado:

- Pequenos arranxos e gastos de mantemento e conservación no local sociocultural municipal que usa a asociación(derivados do uso da asociación), e gastos de mantemento e conservación (auga, gas, electricidade, teléfono, combustible, material de limpeza, pequenos arranxos...) no caso de que sexa un local de titularidade da asociación de veciños.
- Gastos do teléfono móbil da asociación.
- Material funxible (folios, grampas, lapis...)

Non serán obxecto de subvención os gastos inventariables.

Condicións.–Quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente convocatoria as seguintes actividades:

1. Aquelas actuacións que obteñan subvención por parte doutra concellería e aquelas que pola súa natureza ou obxectivo poidan acollerse a outras convocatorias realizadas polo Concello de Santiago de Compostela ou non se encadren dentro do ámbito de actuación do departamento de Relacións Veciñais.
2. Aquelas entidades veciñais que non teñan presentado o plan anual de actividades de 2014 e balance económico de 2013, en cumprimento do artigo 17.2 do Regulamento de Participación Cidadá.
3. Aquelas que a xuízo da Comisión de Valoración teñan unha escasa relevancia e carezan de interese cultural, festivo, recreativo ou similar.

2.-CONTÍA.

A contía total que se destina a esta finalidade será de 64.800,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 080 33404 48901 / 2014 – RELACIÓNS VECIÑAIS. OUTRAS TRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS.

O importe da subvención solicitada será como máximo do 80% do orzamento de gastos presentado pola asociación obxecto desta subvención, cun límite máximo de 1.900,00 € por solicitude.

Os gastos derivados do funcionamento das asociacións non poderán superar o 20% dos gastos derivados da realización de actividades.

Se a suma das subvencións a outorgar a quen reúna os requisitos para acceder ás axudas fora superior ao crédito orzamentario previsto nestas bases, conforme ao disposto no art. 22 da Lei xeral de subvencións. Se procederá ao prorrateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

3.-SOLICITANTES. REQUISITOS.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións veciñais sen ánimo de lucro do municipio de Santiago de Compostela que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas e domiciliadas no municipio de Santiago de Compostela e figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago de Compostela, con anterioridade á publicación desta convocatoria.
2. Carecer de ánimo de lucro.
3. Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Territorial da Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.
4. Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Santiago de Compostela.
6. Ter presentado o orzamento, o balance económico do exercicio anterior e o programa anual de actividades, ou calquera outra modificación producida por motivo da celebración da súa asemblea xeral anual de socios ou por outros motivos previstos nos seus estatutos co fin de manter actualizado anualmente o Rexistro Municipal de Asociacións (arts. 17.2 e 17.3 do Regulamento de participación cidadá).

4.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ademais:

- a) Cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información que lle sexa requirida.
- d) Comunicar ao órgano concedente a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
- e) Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.
- f) Facer constar en toda a publicidade e difusión do programa subvencionado a colaboración do Concello, na forma que este estableza.
- g) Comunicarlle á concellería de Participación Cidadá as datas e lugares definitivos das actividades.

Destas obrigas responderán as asociacións solicitantes a través dos seus representantes legais, que serán os que asinen a solicitude. Se houberse cambios en dita representación, deberán comunicarllo ao departamento de Relacións Veciñais e subrogarse nas obrigas indicadas nesta convocatoria.

5.-GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Serán subvencionables os gastos correntes para o desenvolvemento das actividades tales como: alugueiros de material, gastos de transporte, gastos de pequenas reparacións, seguros, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministros (auga, gas, electricidade, teléfono, combustible) e outros gastos diversos como publicidade, imprenta..., quedando excluídos os gastos estruturais das entidades beneficiarias, como poden ser as nóminas de persoal.

Non se subvencionarán os gastos inventariables.

Todos estes gastos terán que corresponder ao ano 2014, desde o 1 de xaneiro ata o 11 de novembro de 2014.

6.-DOCUMENTACIÓN.

As asociacións interesadas deberán presentar unha solicitude debidamente cuberta segundo as Bases da convocatoria (ANEXO I), e asinada polo representante. No ANEXO I teñen que figurar os datos seguintes:

- Datos do solicitante (datos da asociación veciñal, datos a efectos de notificación e datos do representante da asociación veciñal).
- Importe da subvención solicitada. Gastos derivados das actividades e gastos derivados do funcionamento necesario para a realización das actividades.
- Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento do representante.
- Certificación do número de socios da asociación veciñal.
- Declaracións xuradas:
 - I. Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Comunidade Autónoma, co Concello e coa Seguridade Social.
 - II. Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública, e de aceptación das bases da convocatoria.
 - III. Declaración da entidade, asinada polo representante, de todas as axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade ante as administracións públicas e outros entes públicos ou privados.
- Memoria descritiva de actividades.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

6.1.-Certificación orixinal dos datos bancarios, na que figure a asociación veciñal como titular e o seu número de conta facendo constar o BIC e IBAN.

6.2.-Copia compulsada do CIF da asociación veciñal.

6.3.-Copia compulsada dos estatutos legalizados da asociación veciñal.

6.4.-Copia do DNI do representante da entidade que asina a solicitude.

A documentación relacionada nos puntos 6.2, 6.3 e 6.4, non será necesaria aportala no caso de que non sufriran modificación con respecto ós presentados no Rexistro Municipal de Asociacións. Neste caso deberá asinar o apartado correspondente da solicitude de acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A certificación orixinal dos datos bancarios deberá aportarse en todo caso.

O Concello poderá solicitar, se así fora oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente, así como a comprobación dos datos recollidos na solicitude.

No caso de non entregar a documentación orixinal, as copias deberán achegarse debidamente compulsadas.

6.5.-Asesoramento. As asociacións que o precisen poderán contar ata o día anterior de finalizar o prazo de presentación da solicitude coa asistencia técnica do departamento de xestión, sito no CSC O Ensanche e dos servizos de animación sociocultural da Rede de Centros do Concello.

7.-LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

7.1.-As solicitudes acompañadas da documentación complementaria, de acordo co establecido na base anterior, poderán presentarse en calquera dos Rexistros do Concello:

- Rexistro Xeral: rúa Presidente Salvador Allende, 4 baixo (Galeras).
- Rexistro auxiliar do CERSIA empresa: avda. do Alcalde Raimundo López Pol, s/n (San Lázaro).

- Rexistro auxiliar do ENSANCHE: rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural)

Támén poderán presentarse nos rexistros e oficinas a que se refire artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso deberá remitirse, dentro do prazo límite de presentación de solicitudes, unha copia da instancia, debidamente presentada, ao número de Fax 981 543 089.

7.2.–O prazo de admisión de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

7.3.–O modelo de solicitude poderá descargarse desde a web municipal, www.santiagodecompostela.org

8.-TRAMITACIÓN.

O departamento de Relacións Veciñais do concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte a recepción da notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude arquivarase sen máis trámite (art. 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común)

9.-PROCEDEMENTO.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes Bases axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, así como, ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

- 1) Presentadas as solicitudes no Rexistro Xeral da rúa Salvador Allende, 4 (zona de galeras) ou nos Rexistros auxiliares do Concello de Santiago de Compostela (CERSIA ou CSC do ENSANCHE) ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo o punto 4.1 destas bases, remitiránse ao departamento de Relacións Veciñais (CSCX O Ensanche, rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16) aos efectos de levar a cabo a súa tramitación.
- 2) A concellaría de Relacións Veciñais realizará as actuacións que se sinalan nas presentes Bases.
- 3) A **comisión avaliadora**, constituída ao efecto, terá a seguinte composición:
 - **Presidente:** Concelleiro de Participación Cidadá ou persoa en quen delegue.
 - **Vocais:**
 - I. Director/a de Relacións Veciñais
 - II. Un representante da Rede de Centros Socioculturais.
 - III. Un representante veciñal do Consello de Relacións Veciñais.
 - **Secretario/a:** persoal municipal designado ao efecto.
- 4) De conformidade co establecido nas Bases de execución do orzamento municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local.
- 5) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

10.-CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

A concesión ou denegación da subvención así como a súa contía económica, efectuarase pola Comisión Avaliadora tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Interese xeral da actividade para os veciños	Ata 3
Maior número de participantes	Ata 3
Carácter permanente e continuo da actividade ou programa durante todo o ano	Ata 3
Orixinalidade e carácter innovador da actividade	Ata 2
Actividades realizadas en colaboración co Concello, sobre todo con centros socioculturais	Ata 2
Publicidade, folletos, cartelería, dípticos	Ata 1
Uso do galego no programa de actividades, así como na publicidade	Ata 1

PUNTUACIÓN MÁXIMA ————— 15 puntos.

As subvencións obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, comparando as solicitudes presentadas e establecendo unha prelación entre elas, consonte os criterios de concesión establecidos nestas bases e adjudicando, co límite fixado na base 2 desta convocatoria.

As asociacións que teñan un máximo de 15 puntos poderán acadar ata un máximo de 1.900,00 €, e se non hai ningunha que chegue a eles, ás asociacións que obteñan o maior número de puntos. Para o resto, determinarase unha cantidade prorrateando proporcionalmente en función dos puntos obtidos tomando como referencia ata un máximo de 1.900,00 €.

En todo caso a contía máxima desta subvención non poderá superar o 80% do proxecto ao que sexa de aplicación, financiando o outro 20% a asociación solicitante ben, con fondos propios ou mediante outras subvención públicas, que en ningún caso a contía total das axudas poderá superar o 100% do importe da actividade que se subvenciona.

11.-RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN.

A devandita proposta elevarase a Xunta de Goberno para a súa resolución antes do 10 de outubro de 2014.

Unha vez aprobada a subvención será notificada aos interesados a través do departamento de Relacións Veciñais do Concello.

12.-XUSTIFICACIÓN.

A data límite de xustificación será o 11 de novembro de 2014. Poderán entregar xustificantes de pago con data desde o 1 de xaneiro ata o 11 de novembro de 2014.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

As entidades beneficiarias deberán presentar por rexistro o formulario para a xustificación da subvención debidamente cuberto segundo as bases da convocatoria (ANEXO II), e asinado polo representante. No ANEXO II, deben figurar entre outros datos:

1. Certificación expedida polo secretario da asociación veciñal da relación de facturas obxecto da subvención, clasificadas segundo sexan gastos derivados da actividade ou gastos derivados do funcionamento para a realización da actividades obxecto da subvención, indicando data da factura, núm. de factura, identificación do proveedor, concepto do gasto, importe e data de pagamento.
2. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades, atendendo con especial interese ao número de participantes e ós resultados obtidos, debidamente asinada.

Xunto co formulario (anexo II) achegarase a seguinte documentación:

- Facturas orixinais ou copias compulsadas, axuntando a súa correspondente acreditación do pagamento mediante transferencia bancaria ou cheque acompañado do documento que xustifique o abono. Excepcionalmente, para pagos en efectivo menores a 400 euros (IVE incluído) permitirase que na factura conste un “cobrado” ou “pagado”, a data de cobro e o selo da empresa ou sinatura.
- Acreditación publicitaria da colaboración do Concello de Santiago de Compostela nas actividades obxecto de subvención (mediante a presentación de folletos informativos, boletíns, dípticos...).

Os documentos presentados serán orixinais ou copias compulsadas.

Considerase gasto realizado, segundo o artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola norma reguladora de subvención. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

Os gastos deben cumprir co obxecto e finalidade da subvención.

Todas as facturas deberán referirse a gastos dende o 1 de xaneiro de 2014 ata a finalización do período de xustificación.

Independentemente da contía da subvención concedida haberá que xustificar a totalidade do orzamento do gasto que foi presentado no momento de solicitar a subvención.

En caso de que non se xustifique debidamente a totalidade do orzamento presentado, a cantidade da subvención concedida reducirase de forma proporcional.

A data límite para xustificar a subvención concedida será o 11 de novembro de 2014. No caso de non presentar a xustificación neste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará á perda do dereito de cobro de subvención.

Se a xustificación fora presentada a través de medio distinto de calquera dos rexistros municipais do Concello de Santiago deberá remitirse, dentro do prazo límite de presentación de solicitudes, unha copia da instancia, debidamente presentada, ao número de fax 981 543 089.

Poderase autorizar o cambio de obxecto sempre que se manteña a finalidade da subvención previa solicitude razoada da asociación beneficiada.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

13.-PAGAMENTO.

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, a xustificación será obxecto de informe e proposta do órgano xestor, remitíndose o expediente a Intervención para que emita o preceptivo informe de fiscalización. Se é favorable, a Xunta de Goberno Local resolverá a súa aprobación e tramitarase a correspondente orde de pagamento.

Non se poderá facer ningún pago se non se acredita o cumprimento das obrigas tributarias (Axencia Estatal e Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social.

14.-INCUMPRIMENTOS.

A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.

15.-RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR.

Concello poderá dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade do datos presentados polos solicitantes, para unha mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

Os beneficiarios baixo a súa responsabilidade estarán obrigados a comunicar ao Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

Así mesmo o beneficiario facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas.

Os beneficiarios da subvención quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador contidas no título IV da Lei Xeral de Subvencións .

Disposicións derradeiras

Primeira.–Calquera interpretación das bases reguladoras destas subvencións será realizada pola Comisión Avaliadora.

Segunda.–Para o non previsto nas presentes Bases será de aplicación a Lei 38/2003 xeral de subvencións e o RD 887/2006 que aproba o regulamento de dita Lei, e na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Terceira.–Esta convocatoria entra en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

En Santiago de Compostela, a 25 de xuño de 2014.

Reyes Leis Rodríguez

Concelleira delegada de Participación Cidadá

REXISTRO XERAL DE ENTRADA

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL PARA O EXERCICIO 2014

1. SOLICITANTE

DATOS DA ASOCIACIÓN VECIÑAL

Denominación	CIF
Enderezo da Asociación Veciñal	Teléfono
Número de Rexistro Municipal	Correo electrónico da Asociación Veciñal
Número de conta corrente e entidade bancaria (20 díxitos)	

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Nome e apelidos		
Enderezo	Número	Código Postal
Teléfono 1	Teléfono 2	Correo electrónico

DATOS DO REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN VECIÑAL

(Presidente ou membro da Xunta Directiva na que delegue)

Nome e apelidos		
NIF	Teléfono 1	Teléfono 2
Correo electrónico		
Relación coa entidade		

O representante declara baixo a súa responsabilidade que todos os datos aportados son reais e que coñece, acepta a cumprir as bases da convocatoria.

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2014

Sinatura do representante¹

¹Consonte ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral de Concello.

2. SOLICITA

Unha subvención por importe de (nunca superior ao 80% do orzamento de gastos, cun límite máximo de 1.900 €) para sufragar os gastos¹ derivados das actividades e de funcionamento necesario para a súa realización programadas pola propia asociación que de seguido se relacionan.

2.1. Gastos derivados das actividades

N.º	NOME DA ACTIVIDADE	DATA DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	CONCEPTO PARA QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN	IMPORTE DO GASTO
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7.				
8.				
9.				
10.				
11.				
12.				
TOTAL ...				€

¹Sendo subvencionables os gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada quedando excluídos os gastos estruturais das entidades beneficiarias, respectándose o previsto nas disposicións vixentes, en particular o art. 13 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei de subvenciones de Galicia 9/2007 do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, as Bases de execución do orzamento municipal e demais normativa legal de aplicación.

2.2. Gastos derivados do funcionamento necesario para a realización das actividades (non poden superar o 20% do gastos do apartado anterior)				
N.º	NOME DA ACTIVIDADE	DATA DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	CONCEPTO PARA QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN	IMPORTE DO GASTO
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7.				
TOTAL ...				€

3. CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE E DO NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE

D./Dna. _____, con NIF _____

como secretario da asociación de veciños _____

CERTIFICA: que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día _____

_____, adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude: CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O EXERCICIO 2014.

Así mesmo, acordouse nomear a D./Dna. _____

Representante para as relacións desta entidade co Concello de Santiago.

E para que así conste ós efectos oportunos, expido a presente certificación en _____, o ____ de _____ de 2014

V.º e Prace

Asinado:

O presidente,

O secretario,

4. CERTIFICACIÓN DE NÚMERO DE SOCIOS

D./Dña. _____, con NIF _____

como secretario da asociación de veciños _____

CERTIFICA:

Que o número de socios activos desta asociación de veciños ascende a cantidade de _____

E para que así conste ós efectos oportunos, expido a presente certificación en _____, o ____ de _____ de 2014

V.º e Prace

Asinado:

O presidente

O secretario,

5. DECLARACIÓNS XURADAS

(Estas declaracións deberá realizalas a persoa nomeada como REPRESENTANTE)

D./Dña. _____, con NIF _____

como representante da asociación de veciños _____

DECLARA:

5.1.-Que a entidade a que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social, á Administración Autonómica e ao Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.

5.2.-Non atoparme inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións da Administración Pública ou incapacidade para contratar, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

5.3.-AXUDAS SOLICITADAS

Que a asociación veciñal que represento, para a mesma finalidade, en relación con outras axudas solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou entidades privadas:

 NON se solicitaron axudas para esta mesma finalidade SI se solicitaron axudas para esta mesma finalidade

Entidade/institución á que se solicitou	Importe solicitado

5.4.-AXUDAS CONCEDIDAS

 NON se concederon axudas para esta mesma finalidade SI se concederon axudas para esta mesma finalidade

Entidade/institución á que se solicitou	Importe concedido

E para que así conste ós efectos oportunos, asino a presente en _____, o ____ de _____ de 2014

O REPRESENTANTE,
NIF, sinatura e selo da entidade

6. MEMORIA DESCRIPTIVA OBXECTO DA SUBVENCIÓN

PROXECTO DA ACTIVIDADE. INTERESE E OBXECTIVO QUE PERSEGUE (breve descripción das actividades que se realizaron ou se realizaran ao longo de 2014 obxecto da subvención)

A continuación relaciónanse cada unha das actividades obxecto desta subvención, indicando a data de realización, periodicidade no tempo, destinatarios e número de participantes.

RELACIÓN DE ACTIVIDADES OBJETO DA SUBVENCIÓN	DATA DE REALIZACIÓN / PERÍODO	DESTINATARIOS	NÚM. DE PARTICIPANTES
1.			
2.			
3.			
4.			
5.			
6.			
7.			
8.			
9.			
10.			
11.			
12.			
13.			
14.			
15.			
16.			
17.			
18.			
19.			
20.			
21.			
22.			
23.			
24.			
25.			

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

(sinalar os que procedan)

ANEXO I
(Solicitante: datos da asociación veciñal, datos a efectos de notificación, datos do representante da asociación veciñal. Importe da subvención solicitada. Gastos derivados das actividades e gastos derivados do funcionamento necesario para a realización das actividades. Certificacións do acordo de solicitude e do nomeamento do representante e do número de socios da asociación veciñal. Declaracións xuradas: Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Comunidade Autónoma, co Concello e coa Seguridade Social. Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da administración pública, e de aceptación das bases da convocatoria. Das axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para mesma finalidade ante as administracións públicas e outros entes públicos ou privados. Memoria descritiva de actividades: Facendo especial referencia ós resultados obtidos, número de participantes, achegando todo tipo de publicidade sobre ditas actividades).
6.1. Certificación orixinal dos datos bancarios da asociación veciñal, co código BIC e IBAN.
6.2. Copia compulsada do CIF da asociación veciñal.
6.3. Copia compulsada dos estatutos legalizados da asociación veciñal.
6.4. Copia compulsada do DNI do representante da entidade veciñal que asina a solicitude.
OBSERVACIÓNS: Non se achega a documentación recollida no/s punto/s _____ xa que non sufriron modificación con respecto ós presentados no Rexistro Municipal de Asociacións.

Sinatura do representante

2. MEMORIA XUSTIFICATIVA

Memoria xustificativa (breve descrición das actividades que se realizaron ao longo de 2014 obxecto da subvención).

O REPRESENTANTE,
NIF, sinatura e selo da entidade

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA NA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

	ANEXO II. Certificado da relación de facturas. Memoria xustificativa.
	Facturas orixinais ou copias compulsadas das facturas coa súa correspondente acreditación do pagamento mediante transferencia bancaria ou cheque acompañado do documento que xustifique o abono. Excepcionalmente, para pagos en efectivo menores a 400 € (IVE incluído) permitirase que na factura conste un "cobrado" ou "pagado", a data de cobro e o selo da empresa ou sinatura.
	Acreditación publicitaria da colaboración do Concello de Santiago de Compostela nas actividades obxecto de subvención (folletos informativos, boletíns, dípticos...).

Sinatura do representante

2014/7872